

CLASIFICAMOS A POBOACIÓN

POR IDADE

- **Poboación nova:** inclúe os menores de 16 anos.
- **Poboación adulta:** comprende os que teñen entre 17 e 64 anos.
- **Poboación anciá:** composta por persoas de máis de 65 anos.

POR SEXO

A poboación pode ser masculina ou feminina. De forma natural, nace un número un pouco maior de nenos que de nenas. En cambio, as mulleres adoitan a vivir máis anos, polo que entre a poboación anciá hai máis mulleres.

POR TRABALLO

A **poboación activa** está formada polas persoas adultas que traballan ou están buscando emprego. Esta poboación está composta por:

- **Poboación ocupada:** Aquelas persoas que realizan un traballo e reciben diñeiro a cambio.
- **Poboación non ocupada:** Formada polos adultos que non traballan porque están no paro ou están a buscar o seu primeiro emprego.

A **poboación non activa** está formada polas persoas que traballan sen recibir diñeiro a cambio e por aquelas que non poden traballar por algunha razón. Algúns exemplos son os xubilados/as os/as estudantes e aquelas persoas que non poden traballar por algunha discapacidade.

POR LOCALIDADE

- **Rural:** Aquela que reside en pequenas localidades e se dedica a actividades do sector primario como a agricultura ou a gandería.
- **Urbana:** Aquela que reside en cidades e se dedica a actividades industriais ou do sector terciario como o comercio ou o turismo.

FICHA DE REPASO 3

1. Relaciona:

- Poboación nova Comprende os que teñen entre 17 e 64 anos.
- Poboación adulta Composta por persoas de máis de 65 anos
- Poboación anciá Inclúe os menores de 16 anos

2. Completa:

A poboación pode ser _____ ou _____. De forma natural, nace un número un pouco maior de _____ que de nenas. En cambio, as _____ adoitan a vivir máis anos, polo que entre a poboación anciá hai máis mulleres.

3. Que é a poboación activa e por que está composta?

4. Cita exemplos de poboación non activa:

5. Verdadeiro ou falso

	V	F
A poboación rural reside en pequenas localidades e se dedica ao comercio		
A poboación urbana reside en cidade e se dedica ao sector primario		

